

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 11 DE OUTUBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a constitución do Consorcio de Augas de Valdeorras.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do tramo da estrada provincial LU-4701 desde o Pq:0+000 ao Pq:0+595 a prol do Concello de Folgoso do Courel.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Deseño e Amoblamento.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Son para Audiovisuais e Espectáculos.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Próteses Dentais.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Turismo e o Concello de Celanova (Ourense), para a reprodución do poboado castrexo en Castromao, Celanova (Ourense), por importe total de douscentos dez mil euros (210.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o lgape para establecer condicións especiais de subsidiariedade, e exceptuar a solicitante da achega de garantías reais na concesión dun aval a Alimentos Lácteos, S.A.
- Acordo polo que se autoriza o lgape para establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de 5 anos na concesión dun aval a Agrupación de Cooperativas Lácteas, S.L.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado a través do Ministerio de Economía e Competitividade e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, para o desenvolvemento da Estratexia Española de Innovación na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a concesión a esta dun préstamo con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, por importe de trinta e cinco millóns de euros (35.000.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e as empresas Barras Eléctricas Galaico Asturianas, S.A. (Begasa), E.ON Distribución S.L., a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia (Apyde), Distribuidora Eléctrica de Catoira S.A., Eléctrica de Valdriz, S.L, Electro Manzaneda, S.L.U., Eléctrica de Alberguería S.A. e Electra Alto Miño S.A., para a mellora da calidade da subministración eléctrica de Galicia 2012, por importe total de trece millóns trescentos noventa e nove mil seiscentos oitenta euros con dous céntimos (13.399.680,02 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en relación co programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2012, por un importe de seis millóns seiscentos corenta mil euros (6.640.000,00 euros), cofinanciados polo FSE.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a extinción da Fundación Mar de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o balance da actividade inspectora verán 2012.
- Informe sobre o Catálogo de servizos dixitais compartidos entre a Xunta de Galicia e as administracións locais de Galicia, para o desenvolvemento da Administración Electrónica.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o programa anual de endebedamento.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Informe sobre o balance da actualización e mellora dos fondos bibliográficos da Rede de bibliotecas de Galicia no período 2009-2012.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a convocatoria de persoal emérito.

A XUNTA APROBA OS ESTATUTOS PARA A CREACIÓN DO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS

- ***O forman Augas de Galicia, Deputación de Ourense e os nove concellos da Comarca de Valdeorras***
- ***O obxectivo principal deste consorcio é a ordenación e xestión dun servizo intermunicipal de depuración de augas residuais***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá os estatutos do Consorcio de Augas de Valdeorras, integrado polo ente público empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense, e os concellos do Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras.

O obxectivo principal deste consorcio é a ordenación e xestión, por delegación dos concellos que o integran, dun servizo intermunicipal de depuración de augas residuais, que comprenderá o exercicio de todas as competencias municipais na materia para a totalidade dos termos municipais de referencia.

O ámbito material do servizo abarcará a depuración de todas as augas residuais que se vertan ás actuais infraestruturas municipais de depuración a través das correspondentes redes públicas de saneamento, así como a depuración das augas residuais que se reciban nas fosas sépticas de titularidade municipal, e a das augas residuais que se xestionen a través das infraestruturas que, no exercicio das competencias delegadas, poida crear o Consorcio no futuro.

A delegación comprende, ademais, as competencias municipais en materia de policía de verteduras de augas ás infraestruturas de depuración, incluíndo o exercicio de todas as facultades de vixilancia, inspección e control.

O Consorcio de Augas de Valdeorras terá a súa sede social no concello do Barco de Valdeorras e estará integrado polos seguintes órganos: a Asemblea, a Comisión Executiva, o presidente e, se é o caso, os vicepresidentes que este designe; e a Comisión Especial de Contas.

O novo consorcio xestionará o servizo de depuración de augas residuais dos preto de 28.000 habitantes dos concellos da Comarca de Valdeorras. A prestación deste servizo integral implica unha mellor garantía ambiental para os ríos da comarca, o que beneficia os ecosistemas e todos os usos da auga, como o de abastecemento. Ademais, tamén supón a asunción da responsabilidade do mantemento das instalacións de depuración e o seu seguimento ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, así como unha maior sustentabilidade económica, financeira e institucional na xestión.

A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DA RÚA NOVA DE FOLGOSO, TRAMO DA ESTRADA PROVINCIAL LU-4701, A PROL DESTE CONCELLO DO COUREL

- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas toma esta decisión porque o treito discorre integramente polo núcleo urbano***
- ***A entrega completárase no prazo de dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia***
- ***A partir da formalización da entrega todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía corresponde á Administración municipal***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o cambio de titularidade da rúa Nova de Folgoso, un treito da estrada provincial LU-4701 (A Pobra do Brollón-Folgoso do Courel), a prol do concello desta última vila, concretamente entre o punto quilométrico 0+000 ao 0+595. O cambio de titularidade fundaméntase en que este tramo adquiriu características urbanas. Esta actuación realízase despois de que o Pleno do Concello solicitase á Deputación Provincial que realizase os trámites oportunos para os efectos de que esta vía pasase ao municipio.

O Servizo de Vías e Obras Provincial xustifica o cambio de titularidade baseándose en que existen edificacións nas marxes da vía no tramo, polo que se considera que ten características urbanas que o fan susceptible de ser transferido, redundando nunha xestión máis áxil das autorizacións de usos e obras nas marxes, de construción e mantemento dos servizos urbanos que afectan a plataforma da vía e da ordenación da circulación rodada e peonil.

Tras o acordo entre ambas as dúas administracións locais, Deputación Provincial e Concello, a Axencia Galega de Infraestruturas considera adecuado o cambio de titularidade da estrada mencionada, posto que a rúa Nova de Folgoso discorre integramente polo núcleo urbano, conformando unha rúa con beirarrúas en todo o seu percorrido así como edificacións e servizos urbanos.


A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, estudou a transferencia da titularidade e considerou adecuado o cambio de acordo co informe emitido polos servizos técnicos competentes.

Características administrativas

O expediente tramitouse ao abeiro dos artigos 5 e 54 da vixente Lei de estradas do 14 de setembro de 1994, que establece que os cambios de titularidade das estradas se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións afectadas, e que as estradas autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquire características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.

Así pois, o Concello de Folgoso do Courel deberá incorporar ao seu Plan de estradas os treitos a que se refire este decreto, cuxa entrega se completará no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Correspóndelle ao concello, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que poida corresponderlle como nova Administración titular da estrada.



A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN CONTINÚA A ADAPTACIÓN DA FORMACIÓN PROFESIONAL Á REALIDADE GALEGA COA APROBACIÓN DE 3 CURRÍCULOS DE CICLOS FORMATIVOS

- *O departamento educativo da Xunta xa adecuou ás necesidades dos sectores produtivos de Galicia un total de 59 ciclos*
- *Desta forma favorécese o rápido acceso ao mercado laboral dos titulados da FP, que estarán cualificados para dar resposta ás necesidades das empresas galegas*

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e prace a tres currículos de ciclos formativos máis, cos que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria suma xa 59 plans de estudo de formación profesional adaptados ás necesidades das empresas galegas nesta lexislatura. Os currículos hoxe aprobados, os de técnico superior en Deseño e Amoblamento, en Son para Audiovisuais e Espectáculos, e en Próteses Dentais, son unha nova demostración da aposta decidida do departamento educativo da Xunta por que a formación profesional galega prepare profesionais cualificados para daren resposta ás necesidades do noso tecido socioproductivo.

Isto supón, ademais, favorecer a rápida incorporación dos titulados nestes ciclos ao mercado laboral. De feito, os currículos adaptados inclúen un módulo de formación en centros de traballo, que permitirá que o alumnado complete as ensinanzas adquiridas no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos en situacións reais de traballo no ámbito produtivo do centro, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema nacional de cualificacións e formación profesional.

Cómpre sinalar, ademais, que o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad está a preparar o desenvolvemento dun proxecto experimental de FP dual, en colaboración con empresas, de tal forma que os estudantes desenvolvan máis dun 77% das horas de formación nos centros de traballo, o que favorecerá que acaden progresivamente máis competencias profesionais.

Deseño e amoblamento

Con respecto aos currículos hoxe aprobados, o correspondente ao título de técnico superior en Deseño e Amoblamento preparará os titulados para desenvolveren labores de debuxante proxectista de mobles, técnico en desenvolvemento de produtos de carpintería e mobles, proxectista de carpintería e moble ou técnico de control de calidade en industrias de madeira e cortiza; así como de xerente de empresas de madeira, moble e outras manufacturas, encargado de oficina técnica, xefe de fabricación, controlador de produción, xefe de sección e xefe de equipo.

Para iso, os estudantes adquirirán coñecementos para elaborar propostas de deseño, propoñer solucións de fabricación para realizar o deseño técnico, elaborar e analizar

prototipos, así como documentación técnica para a fabricación de moblaxe de acordo co programa de necesidades.

Por outra banda, os titulados estarán capacitados para planificar e controlar os procesos de fabricación, elaborar programas de fabricación asistida por computador, xestionar o aprovisionamento de materias primas de acordo coas necesidades e particularidades dos diferentes produtos e materiais, e realizar memorias, planos e orzamentos de proxectos de instalación, así mesmo coordinar e supervisar a montaxe no taller ou a instalación en obra.

Son para Audiovisuais e Espectáculos

No caso dos titulados no ciclo de grao superior en Son para Audiovisuais e Espectáculos, poderán desenvolver o seu labor profesional en ocupacións como as de xefe de son de cine, audiovisuais e espectáculos, técnico de son de directo, de cine e audiovisuais, para PA ("public address"), e de sistemas sen fíos. Ademais, poderán traballar como técnicos de gravación musical, de gravación de son en estudio, de monitores de sistemas de son, e en sistemas de microfonía, e como especialistas, montadores, editores e mesturadores de son.

Os coñecementos adquiridos no ciclo capacitarán os estudantes para o deseño do proxecto técnico de son de produtos audiovisuais, discográficos, radio, espectáculos, eventos e instalacións fixas de sonorización e para determinar os recursos humanos, materiais, técnicos e loxísticos necesarios neles.

Así mesmo, aprenderán a determinar as técnicas e os procedementos que cumpra empregar para poñer en funcionamento os equipamentos técnicos que interveñen na posta en marcha dun proxecto de son, e a establecer plans de mantemento preventivo e correctivo e a realización de probas co fin de garantir o seu óptimo funcionamento, así como protocolos para as operacións loxísticas de montaxe, desmontaxe, transporte, almacenamento, posta en marcha, axuste e aproveitamento óptimo.

Unha vez instalados os equipamentos, os titulados neste ciclo estarán capacitados para realizar probas de valoración da calidade para acondicionar os espazos de captación ou reprodución do son e a propia gravación, co fin de garantir o óptimo resultado do proxecto.

Por outra banda, os estudantes adquirirán competencias para construír a banda sonora definitiva dun proxecto audiovisual, realizando a montaxe en directo ou editado, así como os procesos de posproducción e acabamento do proxecto sonoro.

Próteses dentais

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe o currículo para obter o título de técnico superior en Próteses Dentais, que preparará os estudantes para desenvolveren as

ocupacións de técnico superior ou especialista en Próteses Dentais, responsable técnico dun laboratorio de prótese dental ou en departamentos de investigación e desenvolvemento de produtos na industria dental, ou como comercial na industria dental.

As competencias adquiridas durante o ciclo capacitarán ao alumnado para planificar os servizos que presta o laboratorio de próteses dentais, no que toca á xestión da adquisición, o almacenamento e a reposición de equipamentos, material e instrumental, e no que toca a dar resposta ás necesidades de atención dos usuarios.

Ademais, saberán deseñar, preparar e verificar próteses dentofaciais, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais e analizar os seus custos para obter o prezo final.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O TURISMO E O CONCELLO DE CELANOVA PARA A REPRODUCCIÓN DO POBOADO CASTREXO DE CASTROMAO

- ***O acordo entre a Secretaría Xeral para o Turismo e o Concello de Celanova está dotado con 210.000 euros para executar en dúas anualidades e que serán achegados pola Secretaría Xeral para o Turismo***
- ***O obxecto é poñer en valor turisticamente a zona e facer unha reconstrución destinada a recuperar esta parte do patrimonio histórico de Galicia dende o punto de vista cultural e arqueolóxico***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Turismo e mais o Concello de Celanova para reproducir o poboado castrexo no xacemento arqueolóxico de Castromao. O obxecto deste acordo é potenciar e divulgar turisticamente a zona no aspecto cultural, arqueolóxico e probablemente cinematográfico como forma de promocionar e divulgar os recursos desta provincia en especial e de Galicia en xeral, facilitando a visita deles.

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, achegará, para o desenvolvemento deste proxecto polo Concello de Celanova, a cantidade de 210.000 euros divididos en dúas anualidades: 52.500 euros en 2012 e 157.500 en 2013. A vixencia do convenio esténdese ata o 30 de xuño de 2013. O 80% dos fondos proceden do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e o 20% son FCI.

O Concello de Celanova leva anos desenvolvendo un plan de estudo e posta en valor do seu patrimonio e a súa intención é reconstruír o barrio máis destacado, o chamado barrio da Tabula de Castromao, facilitando deste xeito o coñecemento da vida tal e como se desenvolvía na época de maior esplendor da cultura castrexa. A finalidade deste proxecto é acadar a recuperación desta parte do patrimonio histórico de Galicia e poñelo en valor turisticamente.

O xacemento arqueolóxico de Castromao é un dos principais referentes da cultura dos castros no noroeste peninsular, tanto pola súa longa presenza no tempo como pola riqueza documental que ten saído á luz tras as sucesivas escavacións e investigacións. A aparición de pezas tan singulares como o coñecido, por único, trísquele calado de Castromao e a tábula non menos coñecida, de Castromao son algunhas das referencias que referendan esta afirmación. Visitando este xacemento é posible coñecer como foron os primeiros asentamentos sociais no noroeste peninsular na Idade de Bronce, así como a súa evolución no tempo.

ECONOMÍA E INDUSTRIA FACILITA A REACTIVACIÓN DA PLANTA DE CLESA COA CONCESIÓN DUN AVAL DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS A ACOLACT

- *O compromiso da Xunta de Galicia coa continuidade da planta de Clesa e o mantemento do emprego permite a mobilización dun préstamo bancario de 5 millóns de euros*
- *Esta operación completa o financiamento previsto no plan de compra e reactivación, que inclúe ademais un préstamo participativo de 3,2 millóns de euros concedido por Xesgalicia e as achegas dos socios cooperativistas de Acolact*
- *Tamén no sector lácteo galego, o Consello autorizou a concesión a Alimentos Lácteos de avais por importe de 450.000€ que substituirán operacións anteriores que sumaban 750.000, reducindo o risco asumido a través do Igape*

A Consellería de Economía e Industria concederá, a través do Igape, un aval de 2,5 millóns de euros que permitirá mobilizar un préstamo bancario de 5 millóns destinado a completar o financiamento necesario para a operación de compra e reactivación da planta de Clesa en Caldas de Reis. A Xunta cumpre o compromiso asumido polo mantemento da actividade e do emprego en Caldas de Reis.

A operación de compra a relanzamento da actividade impulsada por Acolact conta cun plan de financiamento que inclúe, ademais das achegas dos socios cooperativistas implicados, un préstamo participativo de 3,2 millóns de euros concedido por Economía e Industria a través de Xesgalicia, e este préstamo avalado polo Igape ao abeiro da operación que autorizou o Consello da Xunta.

A recuperación da actividade nesta planta industrial ocupa inicialmente a 30 traballadores directos, con expectativas de triplicar este cadro de persoal nos próximos dous anos e coa seguridade de inducir importante emprego indirecto. A factoría de Caldas de Reis permitirá, ademais, dinamizar e rendibilizar a actividade das cooperativas lácteas galegas asociadas.

Alimentos Lácteos

Por outra banda, o Consello da Xunta autorizou tamén a concesión a Alimentos Lácteos de avais por importe de 450.000 euros destinados a manter o financiamento de circulante imprescindible para o sostemento da actividade na súa planta industrial de Outeiro de Rei.

Estes avais están destinados a substituír outros vixentes por importe de 750.000 euros, de xeito que o risco asumido polo Igape quedará reducido en 300.000 euros logo da correspondente formalización, ao tempo que se amplía o prazo de vixencia do financiamento para facilitar a consolidación do proxecto industrial, o mantemento dos 71 empregos da firma e a dinamización da actividade das cooperativas asociadas.

As dúas operacións poñen de manifesto o compromiso da Xunta de Galicia co reforzamento da actividade industrial no ámbito do sector lácteo impulsada mediante o compromiso activo das cooperativas dos produtores.

No período que agora remata, a través do Igape aprobáronse máis de 2.500 operacións de aval –por só 104 do período anterior– que permitiron mobilizar préstamos por importe de case 335 millóns de euros. Deste xeito, o Goberno galego estendeu a concesión de garantías para achegar financiamento ás pequenas e medianas empresas, cando antes este instrumento financeiro correspondía case en exclusiva ás grandes empresas.

A XUNTA IMPULSA A POSTA EN MARCHA DE ACTUACIÓNS ESTRATÉXICAS DE I+D+i POR 35 MILLÓNS DE EUROS COAS QUE SE ASPIRA A CREAR MÁIS DE 300 EMPRESAS INNOVADORAS

- *O Consello da Xunta aprobou un convenio co Ministerio de Economía e Competitividade que ten como obxectivo estimular o investimento en innovación*
- *A través das accións incluídas no acordo, no marco da Estratexia Española de innovación (e2i), prevese ademais a mobilización de 42,5 millóns de euros de investimento privado en I+D+i*
- *Esta colaboración permitirá continuar avanzando no Plan galego de innovación, investigación e cremento (i2C), priorizando a valorización do coñecemento, a xestión profesional da innovación ou o acceso ao financiamento internacional*

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación (AGI), e o Ministerio de Economía e Competitividade colaborarán na posta en marcha de actuacións estratéxicas no eido da I+D+i por valor de 35 millóns de euros durante os próximos dous anos. Será grazas a un convenio co Ministerio de Economía e Competitividade que autorizou o Consello da Xunta e mediante o cal o Goberno central facilitará o financiamento de iniciativas encamiñadas a conseguir os obxectivos fixados para Galicia dentro da Estratexia estatal de innovación (e2i).

Dentro desta estratexia, marcáronse unha serie de retos para 2015 cuantificados para Galicia na creación de máis de 300 empresas innovadoras e emprego en alta e media tecnoloxía, a mobilización de 42,5 millóns de euros adicionais de investimento privado en I+D+i e un retorno de 11,8 millóns en concepto de fondos europeos.

As actuacións, que desenvolverá a Axencia Galega de Innovación no marco desta colaboración, teñen como prazo de execución ata decembro de 2014 e enmárcanse no fomento da innovación en Galicia, con atención prioritaria ao impulso da internacionalización dos axentes do coñecemento -en especial no contexto do Espazo Europeo de Investigación, á mellora da transferencia tecnolóxica ao sector empresarial e ao fomento da difusión da ciencia e da tecnoloxía.

Valorización do coñecemento

A primeira das actuacións que se van financiar é a posta en marcha de contratos-programa para a consolidación de centros de coñecemento galegos, concretamente centros tecnolóxicos, centros do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) en Galicia e organismos da Plataforma de Innovación Sanitaria.

Esta liña de actuación, á cal a través do convenio se destinan 12 millóns de euros, instrumentarase mediante unha convocatoria pública competitiva na cal se priorizarán as propostas con maior capacidade de valorización do coñecemento a través da

transferencia tecnolóxica, isto é, a investigación colaborativa entre estes centros e empresas, particularmente pemes.

Prevese tamén no eido da valorización do coñecemento unha liña de actuación dirixida á homologación de axentes expertos en mercados e no deseño de modelos de negocio, co obxectivo de que contribúan activamente á creación de empresas innovadoras de base tecnolóxica (EBT) a partir de resultados de investigación xerados en centros do Sistema Galego de I + D.

Talento investigador

En relación directa cos grupos de investigación, apoiárase a consolidación de persoal e a adquisición de equipamento naqueles grupos que acrediten potencial para competir a nivel internacional e transferir resultados á empresa. Mediante unha convocatoria competitiva, os grupos das universidades, dos centros tecnolóxicos e dos centros de investigación do CSIC e do Servizo Galego de Saúde (Sergas) poderán optar a axudas demostrando unha elevada produción científica, de patentes, de *spin-off* e de contratos con empresas.

Estes mesmos axentes poderanse beneficiar tamén da posta en marcha dun programa para a captación de investigadores sénior de primeiro nivel, que será cofinanciado pola Unión Europea e ao que se destinarán ata cinco millóns de euros do convenio. Esta actuación de apoio ao talento investigador, que poderá servir como marco para a recuperación de científicos galegos que traballan no estranxeiro, será obxecto dunha convocatoria internacional que permitirá a selección e incorporación destes investigadores nos centros de coñecemento galegos mediante convenios de colaboración entre estes e a Axencia Galega de Innovación. Estes acordos permitirán non só cubrir os custos salariais dos investigadores senón tamén o equipamento básico asociado ao proxecto de investigación aplicada que veñen levar a cabo.

Xestión da innovación

Por outra parte, porase en marcha un Centro de Excelencia e Crecemento Empresarial vinculado á Axencia Galega de Innovación e entendido como un foro colectivo de boas prácticas na xestión da innovación empresarial. O centro organizará actividades de formación, *networking*, *coaching* e difusión de boas prácticas nos eidos da valorización do coñecemento, da innovación, da internacionalización e do reforzamento das capacidades financeiras e de xestión. Os destinatarios serán directivos de pequenas e medianas empresas galegas seleccionadas a través dunha convocatoria pública polo seu potencial de crecemento baseado no coñecemento científico-tecnolóxico a través de procesos colaborativos de innovación aberta.

Ademais a Xunta garante con este convenio a continuidade do programa Rede de xestores de innovación de Galicia (XIGA), iniciado como experiencia piloto en 2010 para formar e incorporar expertos xestores da innovación en pemes galegas. Formaranse 60

profesionais para capacitalos nesta especialidade, xestionarase a súa incorporación noutras tantas empresas galegas e habilitarase fórmulas de traballo en rede entre os beneficiarios do programa.

Captación de fondos internacionais

Outra das actuacións que se porán en marcha por medio da e2i diríxese á dinamización do Fondo Tecnolóxico Europeo, con medidas específicas deseñadas para acelerar o seu aproveitamento.

Así, destinaranse 4 millóns de euros a un Programa de bonos tecnolóxicos para axentes intermedios (centros tecnolóxicos, clústers e asociacións) capaces de xerar e promover proxectos susceptibles de recibir financiamento do Fondo Tecnolóxico e de preparar as propostas para presentar á convocatoria. Ademais, a cargo desta cantidade completarase o financiamento de proxectos de carácter singular que consigan o compromiso de investimento por parte do Fondo, tendo en conta que este cobre ata o 70% do custo total dos proxectos, e que queda o 30% restante a cargo do beneficiario, coa posibilidade, neste caso, de que sexa asumido pola Xunta de Galicia.

Impulso ao i2C

As actuacións incluídas no convenio enmárcanse no Plan galego de innovación, investigación e crecemento (i2C). Este plan posto en marcha pola Xunta, e que está enfocado a estimular e impulsar a innovación empresarial, especialmente a través do fomento dunha maior implicación e dun maior investimento das empresas galegas, que deben ver a innovación como un factor de crecemento, permitiu a posta en marcha de programas como o Innterconecta.

Esta iniciativa puxo en marcha na súa primeira edición 26 proxectos, todos eles en áreas de actividade estratéxicas para Galicia e cun gran potencial comercial e de creación de emprego, que implican un total de 106 empresas galegas e permiten a mobilización de máis de 60 millóns de euros.

O PLAN DE MELLORA DE LIÑAS ELÉCTRICAS IMPULSADO POR ECONOMÍA E INDUSTRIA PERMITE INCREMENTAR A CALIDADE DA SUBMINISTRACIÓN EN 66 CONCELLOS GALEGOS

- ***O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración con empresas distribuidoras de enerxía eléctrica que inclúe actuacións por máis de 13 millóns de euros***
- ***O Goberno galego suma nesta lexislatura máis de 36 millóns de euros destinados a medidas para mellorar a distribución co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento económico e á mellora das condicións de vida dos cidadáns***
- ***Isto ten permitido reducir en máis do 50 por cento o tempo de interrupción do subministración con respecto a 2008, así como unha redución de máis do 38 por cento no número de interrupcións***

Un total de 66 concellos galegos beneficiaranse dunha nova edición do Plan de mellora da calidade da subministración da enerxía eléctrica en Galicia, impulsado pola Consellería de Economía e Industria e que prevé investimentos por máis de 13 millóns de euros.

Será grazas á posta en marcha dun convenio de colaboración que autorizou o Consello da Xunta coas empresas distribuidoras de enerxía eléctrica Begasa, E.On Distribución, a Asociación de Produtores e Distribuidores de Enerxía de Galicia (Apyde), Distribuidora Eléctrica de Catoira, Eléctrica de Valdriz, Electro Manzaneda, Eléctrica de Alberguería e Electra Alto Miño.

Ao abeiro deste acordo, do cal se beneficiarán preto de 600.000 cidadáns, Economía e Industria apoia as actuacións con ata o 40% do total no caso das pequenas e medianas empresas. A consellería destinará para isto máis de 5 millóns de euros provenientes de fondos Feder e fondos FCI. Entre as accións apoiadas co convenio aprobado hoxe, algunhas das cales xa empezaron a ser desenvolvidas polas empresas, inclúense melloras na rede de baixa e media tensión, cambios en centros de transformación, centros de seccionamento ou novas liñas de alta tensión e subestacións, como a de Ribadeo, Begonte e A Fonsagrada.

A Xunta suma así máis de 36 millóns de euros destinados nesta lexislatura a este tipo de medidas, impulsadas tanto a través das distintas edicións do Plan de mellora da calidade da subministración eléctrica, en colaboración coas empresas distribuidoras, como coas ordes de axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas dirixidas aos concellos, así como con outras actuacións puntuais como os convenios de adecuación de liñas eléctricas de Verín e da península do Morrazo.

O obxectivo é mellorar a calidade da subministración eléctrica nas zonas que presentan determinadas carencias neste eido, atendendo así á demanda de enerxía tanto dos

particulares como das empresas nas mellores condicións posibles. Contribúese así ao desenvolvemento económico das devanditas zonas, así como á integración e o equilibrio territorial.

A posta en marcha destas medidas ten contribuído a unha redución de máis do 50 por cento no tempo de interrupción da subministración con respecto a 2008, así como unha redución de máis do 38 por cento no número de interrupcións. Isto permite que nestes momentos Galicia mellore a media española, a pesar das dificultades orográficas e a dispersión da poboación que presenta a Comunidade.

CULTURA E EDUCACIÓN INVESTIRÁ MÁIS DE 6,6 MILLÓNS EN FAVORECER QUE O PERSOAL DOUTOR COMPLETE A SÚA FORMACIÓN NO ESTRANXEIRO E SE INCORPOREN AO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO AO SEU RETORNO

- ***A Consellería convocará 75 axudas de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015***
- ***É a primeira convocatoria deste tipo dentro do Plan I2C***
- ***Desta forma dáse continuidade ao labor científico que os investigadores están a desenvolver mellorando a súa formación a través de procesos de internacionalización e posibilitando a súa posterior volta a Galicia.***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá máis de 6 millóns e medio de euros na convocatoria de axudas do Programa de apoio á formación inicial da etapa posdoutoral, para as universidades galegas, no marco do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2012.

A convocatoria, que se levará a cabo neste mesmo mes, supón a primeira deste tipo dentro do Plan I2C e, a pesar do actual contexto de dificultades, amplía o número de axudas con respecto ao antigo Plan INCITE, e desenvolverase en dúas modalidades diferenciadas.

Deste xeito, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad fomenta que as universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) contraten persoal doutor co obxecto de mellorar a súa formación a través de procesos de internacionalización e posibilitando, ademais, o seu reingreso nunha universidade do SUG cun ano máis de contrato.

Dada a complexidade do programa creouse un grupo de traballo entre a Secretaría Xeral de Universidades e as tres universidades galegas que traballaron conxuntamente nas liñas básicas que permitiron acadar un consenso entre os diferentes intereses e necesidades, que fai posible esta convocatoria.

Requisitos, contía e financiamento

A consellería convocará axudas en dúas modalidades. Nunha delas, a consellería financiará un máximo de 50 axudas cunha retribución bruta anual variable en función dos países onde o persoal doutor desenvolva as súas estadías. Nos dous anos de estadía a dotación mínima do programa oscilará entre os 34.000 euros e os 40.000 euros, para cada unha das axudas en función dos países de destino. No ano de contrato retorno a retribución equipárase coa dos investigadores en activo do Programa Isidro Parga Pondal e supón un total de 35.200 euros por axuda outorgada. Nestas cantidades está incluído un seguro de accidentes, responsabilidade civil e cobertura médica de cada unha das persoas seleccionadas nos períodos de permanencia fóra do país.

Poderán solicitar estas axudas as universidades do SUG que presenten aspirantes e contraten este persoal doutor por un período de tres anos para a súa formación especializada no estranxeiro e nas propias universidades. Cómpre salientar que todo o período se desenvolverá baixo a modalidade de contrato segundo o solicitado á consellería polas tres universidades.

Na outra modalidade poderanse conceder un máximo de 25 axudas dirixidas a persoal investigador do Programa Ángeles Alvariño do ano 2008 do Plan INCITE, que remataron o seu contrato a finais do ano 2011 e que non puideron optar a unha continuidade da súa traxectoria investigadora posdoutoral no ámbito autonómico. Nesta modalidade financiarase un máximo dun ano nunha universidade do SUG cun máximo de 35.200 euros por cada axuda.

Debido ao complexo dos trámites, as universidades, xunto coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, están a anticipar desde o mes de agosto os requisitos mínimos para que os candidatos que as propias universidades presenten dispoñan do tempo necesario para xestionar os permisos e acordos necesarios cos centros do estranxeiro nos cales pretenden desenvolver os períodos de estadía. Esta información está ao dispor dos interesados nas diferentes universidades.

Control de calidade

Os seleccionados, no contexto deste programa, deberán superar un proceso de avaliación intermedio e outro final de acordo con criterios de excelencia científica que, no caso de que o superen, os habilitará para acceder a unha segunda fase de axudas posdoutorais de dous anos de contrato nunha universidade galega para continuar coa súa formación e permitir a reversión na Comunidade Autónoma do investimento realizado no seu día e do capital de coñecemento adquirido.

A convocatoria desta axudas permite manter a aposta da Xunta de Galicia polos recursos humanos ligados ao Sistema Galego de I+D+I, unha iniciativa que se está a ver reforzada no seo do Plan galego de investigación, innovación e coñecemento 2011-2015 (I2C)

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN MAR DE GALICIA EN EXECUCIÓN DO PLAN DE AVALIACIÓN DE ORGANISMOS DEPENDENTES

O Consello da Xunta autorizou hoxe a extinción da Fundación Mar de Galicia dentro do Plan de avaliación de organismos dependentes das consellerías da Xunta de Galicia. É unha medida adoptada dentro da situación actual de crise e en consonancia cunha política de austeridade.

A Fundación do Mar de Galicia foi constituída no 1992, sen ánimo de lucro, dentro da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, para realizar accións de interese para o sector pesqueiro galego e para fomentar o desenvolvemento e a utilización dos medios humanos, materiais e técnicos de salvamento nas costas galegas.

As funcións que recollía esta Fundación son realizadas na actualidade pola Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia, e con anterioridade foron desempeñadas por distintas unidades da Comunidade Autónoma como o Servizo de Inspección e Vixilancia Pesqueira e o Servizo de Busca e Salvamento. Deste xeito, coa súa extinción evítanse duplicidades nos servizos e adalgázase a Administración paralela adecuando a dimensión e os contidos da Administración institucional ás necesidades reais.

Xestión responsable

O Goberno galego pretende con esta medida adecuar a dimensión e os contidos da Administración institucional ás necesidades actuais e buscar a racionalización e eficiencia na estrutura organizativa, na xestión do gasto e na prestación de servizos públicos.

O CONSELLO DA XUNTA INFORMA SOBRE O PLAN ESPECIAL DE INSPECCIÓN TURÍSTICA DE VERÁN 2012

- *O plan tivo como finalidade lograr unha maior eficacia no labor inspector durante o principal período de actividade turística do ano, así como protexer os empresarios e os usuarios turísticos da intrusión profesional*
- *Levantáronse 1018 actas de constancia fronte ás 76 de infracción e rexistrouse un maior volume da actividade informadora sobre a disciplina*
- *No total da actividade inspectora rexistráronse 548 actuacións máis que no Plan especial de inspección turística do período estival de 2011. Rexistráronse 248 actas de constancia máis que o ano pasado e 30 actas de infracción menos*
- *Ademais, levantáronse 330 informes máis que no mesmo período de 2011*

O Consello da Xunta informou hoxe sobre o balance do Plan especial de inspección turística do verán 2012. A finalidade do plan foi acadar unha maior eficacia no labor inspector durante o principal período de actividade turística do ano, así como protexer as persoas empresarias turísticas e as persoas usuarias turísticas da intrusión profesional que poida vir sufrindo este sector.

O devandito plan tivo como obxectivos de inspección preferente os establecementos ilegais; os establecementos legais con prazas ilegais; así como a revisión dos establecementos de cámping; publicidade enganosa; prezos e oferta de restauración. As zonas onde se actuou preferentemente foron:

-Na provincia da Coruña: Camiños de Santiago, núcleo histórico da cidade de Santiago; zonas costeiras de Boiro, Ribeira, Porto do Son, Noia, Rianxo, A Pobra do Caramiñal, Sada e Oleiros.

-En Lugo: Camiño de Santiago; Ribeira Sacra; os concellos da Mariña Lucense: O Vicedo, Viveiro, Burela, Foz, Barreiros, Xove, Cervo e Ribadeo.

-Na provincia de Ourense: Camiño de Santiago, Ribeira Sacra e concello de Ourense.

-En Pontevedra: Ría de Arousa nos concellos de Sanxenxo, O Grove, Cambados, A Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa; Ría e Terras de Pontevedra nos concellos de Vilaboa, Moaña, Cangas, Bueu, Marín, Pontevedra, Meaño, Ribadumia e Poio; e Ría de Vigo e Baixo Miño nos concellos da Guarda, O Rosal, Baiona, Nigrán, Vigo, Gondomar e Redondela.

As cifras do Plan de inspección turística de verán 2012

No tocante á actividade inspectora, rexistrouse unha preeminencia das actas de constancia fronte ás actas de infracción, acadouse un número total de actas de constancia de 1018 fronte ás 76 actas de infracción rexistradas. Tal feito evidencia

unha prevalencia da función asesora e preventiva da Inspección turística fronte á estritamente controladora ou disciplinaria.

O 62,28% das actas de constancia rexistráronse en establecementos de restauración; o 16,11% das actas de constancia rexistráronse en hoteis, pensións e albergues; o 8,74% das actas de constancia rexistráronse en cámpings; o 5,40% rexistráronse en apartamentos turísticos; o 3,73% das actas de constancia rexistráronse en empresas de intermediación e o 3,05% das actas de constancia levantáronse en establecementos de turismo rural.

O 48,68% das actas de infracción rexistráronse en establecementos de restauración; o 27,63% das actas de infracción rexistráronse en cámpings; o 21,05% das actas de infracción rexistráronse en hoteis, pensións e albergues; o 1,32% das actas de infracción rexistráronse en apartamentos turísticos e o 1,32% das actas de infracción rexistráronse en empresas de intermediación turística.

Rexistrouse, así mesmo, un maior volume da actividade informadora sobre a disciplinaria e de redacción e levantamento das actas: o 34,85% dos informes son de apertura, modificación e comprobación; o 12,88% son informes de denuncia, vinculados ás reclamacións feitas polos particulares; o 10,76% son informes de asesoramento ou orientativos, orientando ás persoas promotoras turísticas no adecuado exercicio das súas funcións, tanto con carácter previo a estas como unha vez iniciadas; o 5,30% son informes de subvención dirixidos a garantir a adecuada utilización de fondos públicos na promoción e fomento do sector turístico, e o 35,76% son informes doutras tipoloxías.

O maior volume de actividade rexistrouse nas provincias da Coruña e Pontevedra. No relacionado coa actividade sancionadora, o total de denuncias recibidas foi de 229; o total de denuncias trasladadas a outros departamentos foi de 53; o total de denuncias que se arquivaron foi de 53 e o total de expedientes incoados foi de 78. Quedan en tramitación 45 expedientes.

Se se ten en conta a comparativa dos datos do Plan de inspección especial de verán 2011 cos datos rexistrados tras o Plan de Inspección de Verán 2012 obsérvase que o incremento das actas de constancia con respecto ás rexistradas o ano pasado é de 248. As actas de infracción neste período de 2012 foron 30 menos que as rexistradas no mesmo período do ano pasado. Levantáronse 330 informes máis que en 2011. En total, as actuacións rexistradas durante o plan deste verán 2012 superaron en 548 ás rexistradas no mesmo período do ano pasado.

O CENTRO DE PROCESO DE DATOS INTEGRAL DA XUNTA XESTIONARÁ UN CATÁLOGO DE SERVIZOS DIXITAIS PARA TODOS OS CONCELLOS GALEGOS

- ***No período 2012-2013 investiranse 6,7 millóns de euros para impulsar a implantación da eAdministración nas entidades locais tanto a nivel interno como de cara a cidadáns e empresas co apoio desta infraestrutura tecnolóxica***
- ***O CPDI aloxará os servizos electrónicos das entidades locais e facilitará a interconexión entre as Administracións galegas***
- ***Con esta iniciativa a administración autonómica promove o uso e a compartición de recursos, sistemas e infraestruturas reducindo custos, evitando a duplicidade de investimentos e garantindo os mesmos niveis de calidade na prestación dos servizos***
- ***Entre outras actuacións crearase un sistema integrado de rexistro e facilitarse ás entidades locais un portal común de licitación e facturación electrónica***

A Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), avanza un paso máis no impulso da Administración electrónica nas entidades locais facilitándolles a concellos e deputacións un amplo catálogo de servizos dixitais, tanto para o desenvolvemento interno da eAdministración como para ampliar e mellorar o servizos que se lles prestan aos cidadáns e ás empresas.

A Administración autonómica investirá 6,7 millóns de euros, financiados con fondos Feder, no período 2012-2013 para continuar as accións que se veñen realizando neste área e desenvolver outras novas co obxectivo de ofrecer servizos dixitais de xeito conxunto á cidadanía asegurando a súa calidade, dispoñibilidade e seguridade independentemente dos recursos das entidades locais.

Plataforma de interoperabilidade

Para implantar este catálogo de servizos dixitais crearase unha plataforma tecnolóxica que facilite o intercambio de información entre as administracións públicas galegas e destas coa Administración xeral do Estado. Este nodo de interoperabilidade permitirá que o cidadán non teña que presentar aquela documentación que xa consta en poder das administracións.

A infraestrutura chave que permitirá a interoperabilidade e a prestación de servizos conxuntos ás entidades locais é o Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta, que entrou en funcionamento o pasado mes de setembro. O CPDI estará a disposición das entidades locais para aloxar os seus servizos dixitais e servir como centro de respaldo.

A Xunta xa vén traballando no desenvolvemento de servizos de interoperabilidade como a tramitación telemática das licenzas urbanísticas, un proxecto que se desenvolve en colaboración co Colexio de Arquitectos de Galicia e que lles permite aos técnicos municipais accederen en liña á documentos en formatos dixitais do COAG.

Ademais de estender e completar a tramitación telemática das licenzas urbanísticas, iniciárase un proxecto para a tramitación por medios telemáticos dos plans de ordenamento municipal. O uso desta documentación en formato electrónico en lugar do papel e o seu envío por medios electrónicos permitiría mellorar os procesos e reducir tempo e custos de tramitación.

Servizos para a cidadanía

De cara aos cidadáns establécese a ampliación do catálogo de procedementos telemáticos, seleccionando os 100 máis relevantes para facilitar a súa implantación en concellos e deputacións. Tamén se pon en marcha un sistema integrado de rexistro para que o punto de entrada da documentación que presenta o usuario sexa único, independentemente do seu destino.

Acompañando esta medida dotaranse de equipamento específico as oficinas de Rexistro das entidades locais para a dixitalización da documentación, impresión e software de compulsa electrónica. Ademais, configurarase unha rede de postos nestas oficinas para que o cidadán poida ter acceso aos sistemas de Administración electrónica.

Servizos para as empresas

No eido empresarial o obxectivo é establecer un portal común de licitación electrónica que dea cobertura á tramitación telemática dos procesos de contratación pública que realizan as entidades locais. Nesta liña porase á disposición de concellos e deputacións unha plataforma de factura electrónica para o rexistro e seguimento das facturas presentadas polos provedores.

Servizos lingüísticos

Outra das liñas de actuación previstas é a posta á disposición das entidades locais dun servizo de tradución automatizada para acadar un mellor uso da lingua nos ámbitos administrativos e xurídicos e continuar a facilitar o acceso a outros recursos como o repositorio xurídico.

Servizos comúns de eAdministración

En canto aos servizos comúns de Administración electrónica, implantarase unha plataforma de notificacións electrónicas común que permitirá aos cidadáns dispor dun buzón único para a recepción das notificacións de calquera Administración pública galega. O catálogo de servizos tamén prevé o desenvolvemento do arquivo dixital integrado para a documentación administrativa e a prestación de servizos de aloxamento e custodia de patrimonio documental.

Ademais, continuarase prestando o servizo de acreditación dixital a todas as entidades locais, grazas ao convenio entre a Xunta e a Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, que permite que teñan cubertas de xeito gratuíto a obtención de certificados dixitais para asinar documentos electronicamente.

Por outra banda, ampliaranse os servizos de EidoLocal, o portal que centraliza a relación entre a Xunta e os concellos na rede e que conta con máis de 3.300 usuarios.

GALICIA LEVA EXECUTADO O 72% DO SEU PROGRAMA DE ENDEBEDAMENTO, CASE 30 PUNTOS MÁIS QUE A MEDIA DAS CC.AA.

- *No último mes pechou operacións polo 18% do total e mantén negociacións avanzadas sobre outro 10%*
- *A Comunidade galega estase financiando no mercado sen necesidade de acudir ao Fondo de Liquidez Autonómico habilitado polo Goberno central*
- *Galicia ten unha ratio débeda/PIB tres puntos inferior á media do resto de autonomías*

Galicia leva executado xa o 72% do seu Programa anual de endebedamento, o que supón case 30 puntos máis que a media das comunidades autónomas, segundo un informe da conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, presentado hoxe ao Consello da Xunta.

No documento salientase que a Comunidade galega se está financiando no mercado sen necesidade de acudir ao Fondo de Liquidez Autonómico, un mecanismo habilitado polo Goberno central para as autonomías que non logran financiarse con normalidade, situación que non está a sufrir Galicia.

De feito, no último mes esta comunidade autónoma foi capaz de pechar operacións polo 18% dos seu programa anual, ademais de manter neste momento negociacións avanzadas sobre outro 10%.

A pesar do importante risco periférico que esta afectando España, esta comunidade foi a única que completou o seu programa anual de 2011 en tempo e forma e segue gozando de prestixio entre entidades e investidores, polo que continúa financiándose no mercado.

Neste momento, a comunidade autónoma ten pólizas a curto prazo formalizadas por importe de 325,5 millóns de euros, que cubrirían, en caso de necesidade, o 80% do plan de endebedamento anual que falta por executar.

A Xunta de Galicia mantivo durante toda a lexislatura un endebedamento controlado e emitiu estritamente a porcentaxe aprobada cada exercicio no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF).

De feito, Galicia ten unha ratio de débeda/PIB tres puntos inferior á media se se ten en conta o endebedamento adicional que as comunidades sumarían por se acollern ao mecanismo especial de pagamento a provedores e do fondo de liquidez. Dos 50.000 millóns de euros que o Goberno central puxo á disposición das comunidades autónomas nestes dous mecanismos, Galicia non pediu nin un só euro.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DISTRIBUÍU NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA UN TOTAL DE 368.000 EXEMPLARES DAS NOVIDADES EDITORIAIS GALEGAS DURANTE O PERÍODO 2009-2012

- ***O departamento que dirixe Xesús Vázquez Abad presentou hoxe no Consello da Xunta o balance de actuacións levadas a cabo nos últimos catro anos para a actualización e mellora dos fondos bibliográficos da rede***
- ***Neste período investíronse un total de 3.405.000 euros para a adquisición de 1.700 títulos diferentes de recente aparición***
- ***Estas actuacións destinadas á cidadanía contribuíron, ao mesmo tempo, a impulsar o sector editorial galego***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria presentou hoxe no Consello da Xunta o balance da actualización e mellora dos fondos bibliográficos da Rede de bibliotecas de Galicia no período 2009-2012. Segundo este informe, nos últimos catro anos a Xunta de Galicia distribuíu un total de 368.000 exemplares entre as bibliotecas da Rede de Bibliotecas de Galicia, dos cales a maior parte corresponde ás adquisicións de novidades editoriais. A repartición realizouse atendendo a criterios de poboación, adecuando o tamaño da colección aos usuarios potenciais dos puntos de servizo e de acordo coas necesidades específicas de cada unha delas.

A Xunta de Galicia desenvolveu un completo programa de compra e distribución de exemplares en toda a Rede de bibliotecas de Galicia. Neste sentido, co obxectivo de actualizar os fondos das bibliotecas públicas galegas, destinou no período 2009-2012 un total de 3.405.000 euros para a adquisición a empresas editoriais de máis de 1.700 títulos diferentes de recente aparición (preto de 312.000 volumes) para a súa posterior distribución na Rede de bibliotecas de Galicia. Estas adquisicións constituíron, ao mesmo tempo, un importante impulso para o sector empresarial editorial galego.

Así mesmo, co propósito de actualización os catálogos bibliográficos dos centros da Rede de bibliotecas de Galicia, a Secretaría Xeral de Cultura vén ofrecendo unha liña de crédito anual destinada á compra directa de libros por parte das bibliotecas. En total, nestes últimos catro anos investíronse 2.540.000 euros para a adquisición de fondos directos: 900.000 euros destinados ás bibliotecas municipais participantes e 1.640.000 euros para as bibliotecas nodais de Galicia.

Biblioteca de Galicia

Tras a posta en marcha da Biblioteca de Galicia, realizouse un importante investimento para a dotación de recursos, desenvolvemento dixital e novos fondos desta biblioteca central do Sistema Galego de Bibliotecas. Respecto a este último punto, é necesario destacar que a maior ampliación do volume de fondos da Biblioteca de Galicia vén dado polo propio cambio no marco legal estatal (Lei 23/201, do 29 de xullo, de depósito

legal) que establece o depósito de exemplares de todos os materiais que producen, en formato libro, audiovisual ou multimedia, e sexa cal for a lingua de publicación.

Así mesmo, a Biblioteca da Cidade da Cultura realizou tamén adquisicións de fondos antigos, fundamentais para a conservación e o estudo dos investigadores, e ampliáronse os fondos permanentes con doazóns e depósitos de coleccións. Doutra banda, a Biblioteca de Galicia continuou dixitalizando un gran número de publicacións e documentos para poñelos á disposición do conxunto da cidadanía a través do portal web *Galiciana*, a biblioteca dixital de Galicia.

Fomento e promoción da lectura

Ademais das actuacións de adquisición e distribución de novidades editoriais, a Xunta de Galicia tamén vén realizando un importante labor de promoción do libro e da lectura e de adaptación das infraestruturas ao novo marco tecnolóxico, para favorecer así un tránsito progresivo aos novos formatos dixitais. Entre estas medidas, podemos destacar que a declaración por parte do Goberno galego do Ano do Libro e da Lectura de Galicia en 2010, o impulso de iniciativas de animación á lectura e de apoio ao libro galego como o programa Letras Vivas, o desenvolvemento de plataformas dixitais de xestión do servizo bibliotecario e a mellora salientable dos equipamentos bibliotecarios.

Doutra banda, desenvolvéronse medidas de optimización de recursos levados a cabo neste últimos anos, co fin de obter un maior rendemento social dos fondos adquiridos. Nese sentido, a organización coordinada da Rede de bibliotecas de Galicia, o desenvolvemento dos servizos electrónicos e a constitución do servizo centralizado de préstamo da Biblioteca de Galicia supoñen un mellor aproveitamento dos recursos e permiten ofrecer máis servizos a un maior número de usuarios.

A aposta pola actualización permanente das bibliotecas, o aumento dos servizos que ofrecen estes centros e a continua dotación bibliográfica xeraron un crecemento exponencial do número de usuarios da Rede de Bibliotecas de Galicia, que en 2012 superou os 805.000 usuarios inscritos.

Sistema bibliotecario de calidade

Os plans bibliotecarios da Xunta de Galicia permiten formular un servizo público continuado de calidade, onde se seguirán ampliando progresivamente a dispoñibilidade de títulos e servizos de acceso á lectura diversos e actualizados. Esta é unha estratexia fundamental para a difusión da cultura e para garantir unha construción igualitaria e cohesionada do conxunto da cidadanía galega.

Nese sentido, o Goberno galego considera necesario continuar ampliando e promocionando os servizos ofrecidos polas bibliotecas a través da Rede, a dixitalización dos fondos históricos –ámbito en que se fixo neste período un labor que permite contar xa con miles de exemplares dispoñibles a través da biblioteca dixital de Galicia

(Galiciana)–, así como o fornecemento de libros dixitais acompañados de medidas que favorezan a dinamización deste novo formato. Estas son os principais medidas que se levarán a cabo para continuar avanzando na converxencia das políticas bibliotecarias na sociedade dixital.

O SERGAS INICIA UNHA NOVA CONVOCATORIA PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL EMÉRITO NO ÁMBITO SANITARIO

- ***O nomeamento como persoal emérito permite aos profesionais sanitarios xubilados seguir vinculados ao Sergas colaborando en programas de docencia, investigación, consultoría ou deseño de novas actividades***
- ***Sanidade reconece con esta figura a traxectoria profesional dos facultativos sanitarios que se distinguiron polas súas contribucións á mellora da calidade da atención sanitaria***

O *Diario Oficial de Galicia* publicará nos próximos días unha resolución da Xerencia do Servizo Galego de Saúde na cal se determina o inicio do procedemento para o nomeamento de catro novos eméritos. A partir da publicación no DOG, ábrese un prazo de presentación de solicitudes e a documentación correspondente. Unha vez que a comisión de valoración examine as solicitudes e os documentos que se presenten deberá emitir unha proposta, que se elevará, a través da Xerencia do SERGAS, á titular da consellería para o nomeamento correspondente.

Trátase dunha convocatoria complementaria á realizada o pasado mes de maio, cando se nomearon aos doutores Machuca Santacruz e Navarro Fernandez-Balbuena. Existen prazas dispoñibles pois deixaron de estar vinculados ao Sergas os eméritos nomeados en 2010 que xa cumpriron 72 anos.

O Decreto 36/2010, do 11 de marzo, establece o procedemento para recoñecerlles a condición de persoal emérito no ámbito sanitario a aqueles profesionais licenciados sanitarios que, unha vez acadada a idade de xubilación e reunindo os requisitos correspondentes, desexen seguir vinculados ao Sergas en programas de docencia, investigación, consultoría ou deseño de novas actividades. Este decreto permitiu por primeira vez recoñecer a condición de persoal emérito fóra do ámbito universitario.

Sanidade, con esta figura, pode aproveitar a experiencia profesional adquirida durante os anos de servizo activo, o que vai redundar en beneficio dos usuarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.

A convocatoria para o nomeamento de profesionais sanitarios eméritos enmárcase na Estratexia SERGAS 2014, na cal se establece o obxectivo de mellorar a calidade da asistencia sanitaria aproveitando, entre outras accións, os coñecementos e a experiencia adquirida por estes profesionais durante a súa traxectoria profesional.